

#CULTURA CON FORZA

CARBALLO

MARZO-MAIO
2021



TEATRO, DANZA, DOCUS,
MUSICA, CINE, EXPOS...



#CULTURA CON FORZA

Si, ao teatro, á música, á danza, ao circo, á narración oral, ao cine
Si, #culturaconforza

Cultura que regresa con ímpeto ao noso auditorio,
Cultura para todos e todas.

Máis de 25 actividades culturais destinadas a todos os públicos que se devolverán entre os meses de marzo e maio no Pazo da Cultura: 5 espectáculos de teatro para adultos, 4 espectáculos de danza, 5 espectáculos para público familiar, 2 documentais galegos, 5 longametraxes, 4 exposicións, é o máis destacado desta programación.

Volvemos con máis forza ca nunca, presentando unha programación cultural de diversa e de calidade, na que poderemos gozar das últimas producións teatrais galegas, dunha programación infantil entretida e divertida e de proxectos que seguimos apoiando como o ciclo *Amal en ruta*, con cinco longametraxes do mellor cine árabe de actualidade.

A nosa ilusión por ofertar as mellores propostas fainos recuperar actividades adiadas no seu momento como os dous documentais galegos previstos o ano pasado: *Hamada e Idénticas* ou a mostra *XVI Certame de artes plásticas Isaac Díaz Pardo* que estivo moi pouco exposta.

No mes de abril regresa un dos escasísimos estable de danza contemporánea en Galicia, o festival **Primavera Endanza**, que chega á súa XIX edición, con espectáculos recén estreados de compañías de danza contemporánea galegas e de propostas moi significativas a nivel nacional. Una oportunidade de achegarse á danza contemporánea, unha manifestación artística con gran repercusión nas artes escénicas actuais que ten un alto potencial creativo, de innovación e experimentación.

Esperámosvos no patio de butacas, confiamos que nos acompañades, pois a cultura tamén é saúde.

#CulturaSegura #CulturaconForza



V 05 marzo > 20.00

> NARRACIÓN ORAL
> MÚSICA



ALDAOLADO [A Coruña] *Furia necesaria*



Vivimos tempos difíciles, continuamente estamos expostas a situacións que nos indignan, que claman pola nosa rebeldía e que nos dan ansias para saír á rúa a berrar ben alto a nosa rabia.

Pero resulta que nestes días complexos que nos tocaron, non hai nin sequera sitio para o malestar: hai que xurar con coidado, manifestarse con condicións, facer as folgas xustas... Isto colmou o vaso da paciencia de Aldaolado, que acaban de decatarse do necesario que é facer un espectáculo poético sobre a indignación, o enfado, a ira, e o cabreo.

Así nace, *Furia necesaria*, unha proposta que combina lirismo e rebeldía a partes iguais, unha crítica constructiva feita dende a ironía e a tranca que as caracteriza. As poetas Lucía Aldao e María Lado levan xa unha longa traxectoria como escritoras e creadoras de diversos espectáculos escénicos nos que a poesía, a música en directo e o humor son a base.

70 MIN | 3 € / 2 € MAIS GASTOS DE XESTIÓN.
PÚBLICO ADULTO | RECOMENDADO +16 ANOS.

Intérpretes: Lucía Aldao e María Lado
Dirección: Aldaolado

V 12 marzo > 20.00

> NARRACIÓN ORAL
> MONÓLOGO



AVELINO GONZÁLEZ [Santiago]

Sereas, dragóns e pistas de baile

O amor...xa se sabe, ás veces tenro, tantas veces ridículo e, visto dende fóra, sempre divertido. As historias que se contan son tradicionais e contemporáneas, con música de baile, con sereas e algún outro animal, mouras que queren que un rapaz as desencante e dragóns que raptan mozas.

O polifacético actor Avelino González sorpréndenos con este novidoso espectáculo de narración oral, teatro, audiovisuais e humor que mestura o vello co novo para falar do amor.

50 MIN | 3 € / 2 € MAIS
GASTOS DE XESTIÓN.
PÚBLICO ADULTO.



Dirección, creación e intérprete:
Avelino González

D 14 marzo > 18.00

> EN FAMILIA
> TEATRO



INVENTI TEATRO [Vigo]

A gran viaxe

A capitana Centella e o doutor Potasio chegan coa súa nave a terra en busca do Ziscornio o elemento necesario para salvar o seu planeta que está sendo atacado por bichos malignos.

Co elemento secreto no seu poder Centella e Potasio soben a súa nave espacial e despídense das boas xentes e dispóñense a despegar pero comezan os problemas!!! Rompe o vehículo, perden o mapa, chegan os malos e a cousa complícase... A gran viaxe é un espectáculo de rúa divertido e visual que conta cun fantástico vehículo espacial composto por un antigo 600 e un propulsor remolcado.

45 MIN | 3 € / 2 € MAIS
GASTOS DE XESTIÓN.
A PARTIR DE 4 ANOS.



Intérpretes: Bea Campos e Anxo Outomur
Vestuario: Ali Otero
Escenografía: José Manuel Faro "Coti"
Dirección: Martín Maez.

X 18 marzo > 20.00

> NARRACIÓN ORAL



JOSÉ L. GUTIÉRREZ "GUTI", CELSO SAN- MARTÍN, QUICO CADAVAL [Galicia e Castela-León] *Tres vellas (polo menos)*

Palabras cruzadas de tres grandes contadores: Guti, Celso Sanmartín e Quico Cadaval. Nos seus repertorios hai moitos contos que foron contados por vellas, a quen llos contaron outras. Unha progresión xeométrica de vellas. Estas mulleres nunca se coñeceron mais poderían manter unha conversa entre si á luz do carburo ou sobre o hule das cociñas aldeás.

Estos grandes contadores de historias que conflúen neste espectáculo son narradores que posúen un universo propio e unha voz singular, cunha maneira especial de contar, que farán que os espectadores, ao rematar, saian soñando co prato fumegante da memoria.

90 MIN | 4 € / 3 € MAIS
GASTOS DE XESTIÓN.
A PARTIR DE 13 ANOS.



Autores e intérpretes: José L. Gutiérrez "Guti", Celso Sanmartín e Quico Cadaval.
Iluminación: Pepe Quintela.
Dirección e dramaturxia: José L. Gutiérrez "Guti".

D 21 marzo > 18.00

> EN FAMILIA
> DANZA-CIRCO

SU.MA [A Coruña] *Ikigai*

MERCADO
MUNICIPAL

ENTRADA LIBRE
E GRATUITA ATA
COMPLETAR AFORO
PERMITIDO, CON
RESERVA PREVIA EN
WWW.ATAQUILLA.COM
50 MIN.
PÚBLICO: FAMILIAR.



Xogo e imaxinación, acrobacia aérea e voz cantada en directo, son os ingredientes dun espectáculo onde a maxia xorde do uso creativo dos elementos e da comunicación co espectador.

Espectáculo de danza-circo en 360° onde os conflitos e as decisións cotiás se resollen como se fose unha aventura, preguntándonos que che impulsa a seguir? Que fai que esperte o teu sorriso? Cal é o teu ikigai?



Intérpretes: Sue Moreno e María Move.
Creación, espazo sonoro e coreografía: Cía SU.MA.
Música orixinal: María Move e Raúl Grillo.
Dirección: Gonçalo Guerreiro.

V 26 marzo > 20.00

> TEATRO



LA QUINTANA TEATRO [A Coruña]

O premio

Intérpretes: Victoria Teijeiro, Raquel Espada e Xurxo Cortázar. **Actrices vídeos:** Sheyla Fariña e Antía González. **Voces en off:** Gonzalo Failde e Marián Bañobre. **Deseño de iluminación:** Javier Quintana. **Espazo audiovisual:** Lucía Estévez. **Espazo sonoro:** José Luís Fraga. **Dramaturxía:** Santiago Cortegoso. **Dirección:** Marián Bañobre.

Año 2050. Nun futuro próximo no que o progreso tecnolóxico e a loita cara ao éxito económico, sentimental e social é tan forte, que as persoas caen en O Premio como única fórmula de conseguir a felicidade. O Premio é un reality en directo onde o público vota quen merece levar o premio da súa vida: "Morrer logrando a fama. Todo por un soño".

A compañía La Quintana preséntase po primeira vez ante o público carballés cunha montaxe de creación colectiva, abordando temáticas sociais, sempre dese un punto de interacción co público e tratando temas de actualidade como: as tecnoloxías e as relacións humanas, a procura da felicidade, entre outros.

90 MIN | 4 € / 3 € MAIS GASTOS DE XESTIÓN | RECOMENDADA + 14 ANOS.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

D 28 marzo > 18.00

> EN FAMILIA
> CIRCO

MAINTOMANO

[Castela e León]

Sen medo

Sen medo supón unha abordaxe ao medo e a maneira de superalo, un reto que é unha oportunidade de medrar e de ter novas ferramentas para vivir. O medo como estímulo.

As acrobacias toman forma sobre unha escada, que a partir deste obxecto escénico establecerán as dúbidas, os desafíos, as certezaas e os riscos.

A compañía Maintomano conta cunha importante traxectoria e acadou varios premios en festivais nacionais de teatro de rúa.

**"IMAXÍNATE O BONITO QUE
SERÍA ARRISCARSE E QUE
TODO SAÍSE BEN!"**

55 MIN | 4 € / 3 € MAIS GASTOS DE
XESTIÓN | A PARTIR DE 7 ANOS.



Deputación
DA CORUÑA



Intérpretes: Morgane Jaudou e Marcos Rivas.
Coreógrafa aérea: Zenaida Alcalde.
Composición musical: Borja Fernández.
Escenografía: Marcos Rivas e Antonio Cerro.
Dirección: Pablo Ibarluzea


PRIMAVERA EN DANZA

PROGRAMACIÓN
ABRIL

XIX EDICIÓN

V 09 abril > 20.00

> DANZA



*"BILAMOS E
PENSAMOS A ÚLTIMA
DIÁSPORA, SEN
OLVIDAR AS OUTRAS"*

KIRENIA DANZA [Galicia] *Emigrantas*

O actual fenómeno migratorio é o punto de partida deste espectáculo, no que dúas intérpretes tecen unha coreografía sobre a emigración da súa xeración. Unha peza de danza na que bailan datos, vivencias, intuicións sobre a diáspora galega, tendo presente en cada movemento as anteriores.

Os movementos enérxicos, a música e o texto envolven as esceas evocando as emigrantas de aquí e acolá que levan dentro as súas músicas, as súas paisaxes, a súa morriña.

A creadora e bailarina Kirenia Martínez, que conta cunha traxectoria de máis de 20 anos de experiencia, funda a súa propia compañía para crear proxectos de investigación coreográfica, literaria, e audiovisual.

55 MIN | 3 € / 2 € MAIS GASTOS DE
XESTIÓN | PÚBLICO ADULTO.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

Dirección, creación e coreografía:

Kirenia Martínez.


En escena: David Loira e Esther Latorre.

Texto: Branca Novoneyra.

Espazo sonoro: Babykatze e Bruno Baw.

V 16 abril > 20.00

> DANZA



"BAILAR É ALCANZAR A PALABRA QUE NON EXISTE, CANTAR UNHA CANCIÓN DE MIL XERACIÓNS"
BETH JONES

MARTA ALONSO TEJADA [Galicia]

Bailar agora

A bailarina e creadora Marta Alonso presenta a súa propia historia na danza, a través dunha nena que xoga e baila coa súa nai, dos seus primeiros movementos do seu contacto co ballet clásico, finalizando esta viaxe na danza contemporánea, sen olvidar o sufrimento e dedicación que esixe esta disciplina.

Bailar agora é un espectáculo moi xeneroso, cheo de sorpresas, e que quere situarnos no tempo actual, cunha linguaxe humorística e danza moi física, para vivir o aquí e o agora bailando.

Marta Alonso é unha bailarina multidisciplinar, vinculada á compañía Traspiediante, que transita entre a danza e o teatro físico e o circo, que grazas á súa importante traxectoria profesional combina o seu labor escénico coa pedagogía e a dirección de proxectos culturais e docentes vinculados coa danza.

70 MIN | 4 € / 3 € MAIS GASTOS DE XESTIÓN | TODOS OS PÚBLICOS.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

En coprodución co Centro
Coreográfico Galego

Dirección e interpretación: Marta Alonso Tejada. **Coreografía e movemento:** Victoria P. Miranda. **Creación:** Marta Alonso Tejada, Victoria P. Miranda e Pablo Reboleiro. **Vestuario:** Uxía P. Vaello. **Deseño de iluminación:** Laura Iturralde. **Espazo sonoro:** Xavier Bértolo.

D 18 abril > 18.00

> DANZA
> EN FAMILIA



PAULA QUINTAS-TRASPEDIAANTE [Galicia]

Nina Ninette

Nina, valente e alegre, atopa unhas flores moi especiais que a levan a un mundo fantástico, habitado por seres máxicos, poderosos e divertidos. Todo é diferente e fermoso, mais sinte a falta do seu fogar e decide marchar. Conseguirá alcanzar o seu destino?

Esta cincenta actual representa a nena oprimida que loita para transformar a súa realidade familiar, escolar,...converténdose nunha heroína por méritos propios e sen necesidade de atopar un príncipe nin ser princesa.

Paula Quintas regresa ao escenario carballedés cun conto bailado, unha creación chea de beleza e rebeldía, que quere loitar contra os estereotipos de xénero para crear unha sociedade máis libre.

50 MIN | 4 € / 3 € MAIS GASTOS DE XESTIÓN PÚBLICO: DE 3 A 8 ANOS.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

Dirección e creación: María Torres.
Coreografía e interpretación: Marta Alonso e Paula Quintas.
Deseño de escenografía: Gonçalo Guerreiro. **Deseño de vestuario:** Maa Fraga. **Deseño de iluminación:** Nacho Martín. **Espazo sonoro:** Alejandro Salgueiro.

X 22 abril > 20.00

> DANZA

A AUSENCIA
COMO
POTENCIA
IMAXINATIVA

ESTREA



MATÍAS DAPORTA [Galicia]

Mocap

O creador Matías Daporta presenta en exclusiva en Carballo o seu último traballo Mocap, unha peza de danza de dúas partes na que explora a idea de ausencia de corpos tanxibles, en contraposición ao aumento de imaxes dixitais que os relevan.

A substitución dos corpos pola súa representación prevalece nun mundo case totalmente tecnolóxico, creando un paralelismo entre o chroma e a caixa negra, dous espazos de imaxinación infinitos.

Esta compañía participou no ano 2019 no programa de Residencias Para_izo organizadas polo Colectivo RPM que conta co apoio da AGADIC da Xunta de Galicia, e no que colaborou o Concello de Carballo, para ao apoio da creación artística con entidades relevantes de creación cultural en Galicia.

Os días previos da representación teremos a sorte de que esta compañía realice unha residencia artística previa á estrea.

60 MIN | 3 € / 2 € MAIS GASTOS
DE XESTIÓN | PÚBLICO ADULTO.

Dirección, creación e coreografía: Matías Daporta. **Interpretación:** María de Dueñas. **Asistencia dirección:** Begoña Cuquejo. **Iluminación:** Víctor Colmenero. **Audiovisual:** Pablo Kaufmann.

V 23 abril > 20.00

> DANZA, TÍTERE,
XESTO E OBXECTOS



THOMAS NOONE DANCE [Cataluña]

After the party

Ao rematar as festas, sempre queda ese momento difícil de describir no que o mundo entristece, cando baixa esa adrenalina.

Esta conversa entre Thomas Noone e o seu alter ego, no que un home reflexiona sobre as conversacións e encontros pasados, un diálogo tan intenso como absurdo, no que as verdades, soños e mentiras son expresadas con danza e un monicreque rebelde.

Thomas Noone Dance é unha compañía de danza de Barcelona creada polo bailarín británico coa intención de transmitir emocións a partir dunha forte habilidade técnica, e o seu creador foi finalista ao mellor intérprete masculino de danza dos Premios Max 2020.

50 MIN | 3 € / 2 € MAIS GASTOS
DE XESTIÓN | PÚBLICO ADULTO.



Dirección, coreografía e interpretación: Thomas noone.
Asistente de dramaturxia: Montse Puga.
Asesoramiento en clown: Martí torras.
Música orixinal: Jim Pinchen.
Deseño de luces: Jimmy Strom.
Deseño e construción de monicreque: Andre Melo.

#CULTURA CON FORZA

PROGRAMACIÓN MAIO



S 08 maio > 20.00

> TEATRO



MALASOMBRA [Santiago] *Bernarda*



En 1975, nun pobo de Galicia, Bernarda queda viúva con dúas fillas novas ao seu cargo e decreta un luto ríxuroso durante dous anos, sen saír da casa, sen televisión, sen radio, coas contraventanas da casa pechadas día e noite.

Mentres a sociedade avanza cara unha transición despois dunha ditadura, Bernarda fuxe dos cambios e coarta calquera cambio na súas propias vidas.

Este texto inspirado na obra La casa de Bernarda Alba recolle o conflito de dúas xeracións distintas de mulleres e expón ese choque xeracional entre pais e fillos rodeado dunha realidade inevitable, que é o proceso de transformación da sociedade e a súa influencia despois da ditadura franquista.

A compañía Malasombra presenta a súa nova produción tras recibir varios premios María Casares 2020 á mellor dirección, ao mellor espectáculo, ao mellor texto orixinal e á mellor actriz secundaria.

75 MIN | 4 € / 3 € MAIS GASTOS
DE XESTIÓN | PÚBLICO ADULTO.

Intérpretes: Celia González, Luisa Merelas e Esther Aja. **Escenografía:** Marcelino de Santiago "Kukas".
Axudante dirección e deseño de iluminación: Xoque Carbajal. **Dirección e texto:** José Prieto.

D 09 maio > 18.00

> EN FAMILIA
> CLOWN



PT EXCÉNTRICAS [Santiago] *Cartoóns*

Dous tipos abandonados, naufragos, que viven rodeados de cartóns, ese material que todo o mundo tira, servirálles para construír casas, bandeixas, edredóns, avións, ponchos,... entre outras estruturas.

A través deste espectáculo de clown, maxia e música, poderemos achegarnos a valores como a colaboración, o traballo colectivo, a consciencia ecolóxica e a solidariedade, da man de dous magníficos actores, o cormelán Víctor Mosqueira e Josito Porto.

Cartoóns é o primeiro espectáculo infantil de Producións Teatrais Excéntricas, que forma parte do celebración do 15º aniversario da compañía.

50 MIN | 3 € / 2 € MAIS GASTOS DE
XESTIÓN | PÚBLICO: DE 4 A 12 ANOS.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

Dirección, creación e intérpretes:

Josito Porto e Víctor Mosqueira.

Iluminación: Pepe Quintela.

Escenografía: Kukas.

L 17 maio > 20.00

> MÚSICA, POESÍA E
FOTOGRAFÍA



POR XELA! *A Banda da Loba + recital poético*

Proxecto poético e musical para celebrar a vida e a obra de Xela Arias, a escritora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2021.

Tres das disciplinas vinculadas a esta escritora, a música, a poesía e a fotografía, estarán presentes da man do grupo A Banda da Loba, das poetisas Estíbaliz Espinosa, Helena Salgueiro, Nuria Vil e Vanessa Glemsel e dos retratos realizados polo seu marido, Xulio Xildo.

Ao longo dos temas musicais, igual que coa lectura dos poemarios, poderemos ver a evolución de Xela como poeta. A loita e o inconformismo, a experimentación cos límites da linguaxe, as imaxes poéticas, todo muda e todo permanece na súa poesía, converténdoa nunha das voces de referencia para as xeracións futuras.

90 MIN | 4 € / 3 € MAIS GASTOS
DE XESTIÓN | PÚBLICO ADULTO.

E, ADEMAIS...

AUDIO-VISUAIS

DOCUS GALEGOS

04 e 11 marzo

CICLO AMAL EN RUTA

30 abril
07 maio
14 maio
21 maio
28 maio

> DOCUS GALEGOS

Debido á suspensión de actividades culturais no mes de marzo do ano pasado, quedou pendente de programar dous documentais galegos, que recuperamos neste ano 2021: *Idénticas* e *Hamada*. Poderemos achegarnos a realidades ou mundos silenciados que perviven no pasado, desde perspectivas moi diferentes, que seguen presentes só na nosa memoria, e que pertencen ao presente pero mantémolos no esquecemento, ou son vividas individualmente aínda que son problemas que nos corresponden a todos.

Ademais contaremos coa presenza dos directores ou membros dos equipos que presentarán os documentais e participarán nun coloquio cos asistentes.

O acceso ás proxecións é libre e gratuito no Pazo da Cultura, ata completar aforo. Reserva previa en culturaentradas@carballo.gal


X 04 marzo > 19.30

> DOCUMENTAL

Hamada

Con vitalidade e humor, *Hamada* é o insólito retrato dun grupo de amigos que viven nun campamento de refuxiados no deserto do Sahara, que se reinventa día a día nun lugar onde nada semella cambiar.

Premio á mellor película española e mellor director español no Festival I. de cine de Gijón 2018, Mellor Director Emerxente, Porto / Post / Doc, Portugal, 2018; Mellor Ópera Prima e Premio xuvenil do xurado, Cinéma du Réel, Francia, 2019; Premio ao Documental – Tempo Film Festival, Suecia, 2019, entre outros. Eloy Domínguez Serén | 2018 | 89 min | Alemaña, Noruega, Suecia.



X 11 marzo > 19.30

> DOCUMENTAL

Idénticas

Dúas irmáns xemelgas padecen unha enfermidade ultrarara. Único caso no mundo, no que só unha delas presenta os síntomas. *Idénticas* fala da súa vida e do que supón para a familia convivir coa enfermidade.

Premios Mestre Mateo 2019: Mellor Documental. Luís Avilés | 2018 | Galicia | 67 min. Amanita Films.



> AMAL EN RUTA

Regresa o ciclo Amal a Carballo celebrando a súa cuarta edición, cunha selección de cinco longametraxes (tres ficcións e dous documentais) co mellor cine árabe de actualidade.

Está organizado polo Concello de Carballo e a Fundación Araguaney-Puente de Culturas, unha entidade que pretende o achegamento cultural entre o mundo árabe, e o noso país para facilitar o entendemento e respecto mutuo.

O acceso ás proxeccións é libre e gratuito, realizaránse no auditorio do Pazo da Cultura ata completar aforo. Reserva previa de entradas en culturaentradas@carballo.gal.



V 07 maio > 20.00

> LONGAMETRAXE
DOCUMENTAL

The cave

Nun hospital subterráneo de Ghouta en Siria, un grupo de doutoras traballa ao límite para curar ás persoas feridas mentres se teñen que enfrontar contra o sexismo endémico da sociedade na que viven. Este documental dirixido polo sirio Fera Fayyad estivo nomeado ao mellor documental nos Oscar 2019 e nos premios de Cine Europeo 2020.



Longametraxe documental/ Feras Fayyad | 2019 | Siria | 95 min | Non recomendada a menores de 18 anos.

V 30 abril > 20.00

> LONGAMETRAXE

Adam

Abla rexenta unha pastelería na súa propia vivenda en Casablanca, onde vive coa súa filla de oito anos, Warda. A súa rutina, marcada polo traballo e os labores domésticos, vese interrompida cando unha moza embarazada chama á súa porta na procura de emprego e teito.



Longametraxe de ficción.
Maryam Touzani | 2019
Marrocos | 98 min.


V 14 maio > 20.00

> LONGAMETRAXE
DOCUMENTAL

Gaza

Retrato da vida cotiá dos cidadáns e cidadás de Gaza que continúan as súas vidas a pesar de estar no epicentro do conflito.

Longametraxe de documental.
Garry Keane, Andrew Mcconnell
2019 | Irlanda | 92 min.



V 21 maio > 20.00

> LONGAMETRAXE

De repente, o paraíso (It must be heaven)

O director Elia Suleiman viaxa por diferentes cidades do mundo buscando similitudes coa súa terra natal, Palestina. No proceso de atopar un novo fogar, dase conta de que Palestina parece perseguirle alá onde vai. A esperanza dun novo comezo termina converténdose nunha comedia chea de erros.



Longametraxe de ficción / Elia Suleiman | 2019
Palestina | 97 min.

V 28 maio > 20.00

> LONGAMETRAXE

Papicha

Alxería, anos 80. Unha moza de 18 anos, que acaba de iniciar os seus estudos universitarios, non quere que a situación política e social do seu país lle faga renunciar aos seus soños persoais e profesionais. Nedjma négase a aceptar as prohibicións dos radicais islámicos e decide loitar pola súa liberdade e independencia organizando un desfile de moda. Filme premiado nos Premios César 2019 a mellor ópera prima e mellor actriz revelación.




Longametraxe de ficción/ Mounia Meddour | 2019 | Alxería | 106 min.

OUTRAS PROPOSTAS

M 16 marzo > 19.30 H

> CONFERENCIA DE ROSARIO SARMIENTO



A guerra e os seus protagonistas, o seus escenarios e as súas consecuencias, e como influíron sobre a arte contemporánea e concienciaron á sociedade en contra da violencia a través das súas obras de arte.

Os desastres da guerra de Goya, Guernica de Picasso, e sobre todo, os galegos Castelao, Colmeiro, Luís Seoane, Arturo Souto, Mercedes Ruibal, Leiro, Antón Patiño, entre outros.

60 MINUTOS | PÚBLICO: ADULTO
ENTRADA LIBRE E GRATUÍTA ATA COMPLETAR
AFORO PERMITIDO, CON RESERVA PREVIA EN
CULTURAENTRADAS@CARBALLO.GAL

> CONTACONTOS DOS RATOS DE LONXEDETODO




- 3 de marzo: A festa da poesía das catro estacións
- 17 de marzo: O coelliño branco
- 31 de marzo: Paxariños
- 14 de abril: Contos para andar no camiño
- 28 de abril: Lonxedetodo en festas!
- 12 de maio: Os ratiños da caixa
- 26 de maio: Viaxe a África

Biblioteca Municipal Rego da Balsa, 17.00 e 18.30.
Para nenos e nenas entre 5 e 7 anos acompañados por un adulto. Inscripción previa no 981 758 580 desde unha semana antes.

EXPOSICIÓNS >

HORARIO DE APERTURA:
DE 18.30 A 21.00
DE LUNS A VENRES

> 17 marzo a 11 abril



ANTÓN DÍAZ "TUCHO" *Nosa Terra*

A historia da arte é espello da historia dos pobos. Os cambios de ideas e os cambios do xeito de velo mundo refléxanse na historia da arte. Un pobo sen arte é un pobo sen fala.

O título da mostra, Nosa Terra, alude a un lugar. A un lugar que é noso. Un lugar onde os pinos falan para os bos e xenerosos. Nesta mostra de pinturas nárrese, desde a plástica e o visual, un conto desde a mirada dun neno. Un conto que ten por protagonista a terra regada polo Anllóns, mais tamén á doutros lugares onde a historia é a mesma:

A historia dunha nai velliña e soñadora que non pode ser dada ao esquecemento.

Que siga rindo e chorando!

SALA DE EXPOSICIÓNS
ANDAR 3º DO PAZO DA CULTURA

> 26 marzo a 11 abril



XVI CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS ISAAC DÍAZ PARDO

Regresa de novo unha selección das obras da XVI edición deste certame referente nas artes plásticas de Galicia organizado pola Deputación da Coruña, que o Concello de Carballo volve a recuperar, xa que debido á situación sanitaria do ano anterior, o público non puido visitar no período na que estivo exposta.

Esta exposición aglutina máis de 20 pezas que integran un ecléctico escaparate das tendencias da arte actual de artistas galegos e nacionais.

Organiza: Deputación da Coruña e
Concello de Carballo

SALA DE EXPOSICIÓNS
ANDAR -1 DO PAZO DA CULTURA

> 03 maio a 07 xuño



XXIII CERTAME FOTOGRAFÍCO XOSÉ MANUEL EIRÍS

EXPOSICIÓN DAS EDICIÓNS XXII E XXIII

Con motivo da crise sanitaria as fotografías premiadas e finalistas da XXII edición do Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, non puideron ser expostas para o público, polo que, nesta ocasión, realizaremos unha exposición albergando dúas edicións, a XXII e a XXIII.

Expoñeráanse en dúas salas do Pazo da Cultura para una maior participación de fotógrafos e para que haxa a maior representación de obras seleccionadas polo xurado.

SALA DE EXPOSICIÓNS
ANDAR 3º DO PAZO DA CULTURA

> 07 maio a 08 xuño



XIV PREMIO DE ARTES GRÁFICAS JESÚS NÚÑEZ

Selección de obras de gravado calcográfico, litografía, serigrafía ou xilografía escollidas polo xurado da XIV edición deste certame de gravado da Deputación da Coruña, de carácter anual. A participación de artistas de máis dunha vintena de países é indicativa do prestixio e repercusión internacional desta iniciativa nesta arte gráfica.

Organiza: Deputación da Coruña e
Concello de Carballo.

SALA DE EXPOSICIÓNS
ANDAR -1 DO PAZO DA CULTURA

A CULTURA É SEGURA. SABÉMOLO E QUEREMOS QUE ASÍ SEXA SEMPRE. POR ISO POÑEMOS EN MARCHA UN PROTOCOLO PARA GARANTIR QUE GOCES TANTO DO TEATRO COMA NÓS.



O uso máscara será obrigatorio.

A desinfección de mans tamén será obrigatoria. Se non levas xel no peto, non pasa nada: no Pazo da Cultura atoparás dispensadores de xel hidroalcohólico.



A apertura de portas será 30 minutos antes de cada función e tanto o acceso como a saída ao recinto realizarase de xeito escalonado mantendo a distancia de seguridade. Procura chegar con tempo e lembra seguir en todo momento as indicacións do persoal de sala: están para acompañarnos e facilitar o noso tránsito!



Completamos a limpeza do auditorio antes de cada espectáculo coa desinfección con equipos de nebulización. As medidas hixiénicas están contempladas tamén no sistema de ventilación, optimizado para esta nova situación.



A butaca é un asento e deberemos permanecer nel. Se che gusta moito a obra lamentamos dicir que non poderás estar de pé... pero poderás bater as túas mans e amosar todo o teu entusiasmo, nas redes, de xeito virtual!



Na programación de EnFamilia, os menores deberán estar acompañados por un adulto e as entradas individuais serán destinadas a espectadores de máis de 10 anos.



Aforo: o número de entradas dispoñibles estará suxeito ás medidas de restricións sanitarias de cada momento, polo que se publicitarán a medida que nolo indiquen. En todo caso, poñeránse á venda entradas dobres destinadas a persoas convivintes e algunhas entradas individuais.



CALENDARIO

#CULTURA CON FORZA



4 MARZO
Docu *Hamada*



5 MARZO
Aldaolado



11 MARZO
Docu *Idénticas*



12 MARZO
Avelino González



14 MARZO
Inventi Teatro



16 MARZO
Conf. R. Sarmiento



17 MAR A 11 ABR
Expo Antón Díaz



18 MARZO
Cadaval, Sanmartín, Guti



21 MARZO
SU.MA



26 MAR A 11 ABR
Expo Isaac Díaz Pardo



26 MARZO
La Quintana



28 MARZO
Maintomano



9 ABRIL
Cia Kirenía Danza



16 ABRIL
Marta Alonso



18 ABRIL
Paula Quintas



ESTREA

22 ABRIL
Matias Daporta



23 ABRIL
Thomas Noone Dance



03 MAIO A 07 XUÑO
Certame XM Eirís



30 ABR A 28 MAIO
Amal en Ruta



8 MAIO
Malasombra



9 MAIO
PT Excéntricas



17 MAIO
Por Xela

+ INFO >

TODAS AS ACTIVIDADES TERÁN LUGAR NO PAZO DA CULTURA DE CARBALLO, EXCEPTO AS QUE INDICAN OUTRO LUGAR.



ESTA PROGRAMACIÓN PODERÁ SUFRIR ALGUNHA MODIFICACIÓN (NOVOS ESPECTÁCULOS, DATAS, ENTRADAS...) QUE SE COMUNICARÁ COA MÁXIMA ANTELACIÓN POSIBLE.

> LUGARES E DATAS DE VENDA

> VENDA ANTICIPADA:

www.ataquilla.com (entradas con gastos de xestión). Dadas as limitacións de asistencia en recintos culturais marcadas polas medidas de prevención da covid-19, as entradas poñeránse á venda a mesma semana de cada función.

Inicio da venda de entradas: a partir do luns anterior a cada función.

> VENDA DIRECTA/ BILLETEIRA:

Venda entradas o mesmo día da función na billeteira do Pazo da Cultura, desde 90 minutos antes do inicio da actuación.

> PREZO ENTRADAS

> PREZO ORDINARIO:

3 € e 4 €, segundo o especificado en cada espectáculo.

> PREZO REDUCIDO:

Para estudantes con carné de estudante, maiores de 60 e menores de 18 anos: 2 € e 3 €.

No acceso ao espectáculo deberá acreditarse debidamente a circunstancia especial do prezo reducido.

A compra anticipada a través de www.ataquilla.com supón gastos de xestión.

> ENTRADA LIBRE E GRATUÍTA

EN FAMILIA:

Domingo 21 de marzo.

Mercado Municipal.

Ikigai de S.U.M.A

Recollida de entradas en:

www.ataquilla.com

Aforo limitado.

DOCUMENTAIS GALEGOS:

Xoves 4 de marzo: *Hamada*

Xoves 11 de marzo: *Idénticas*

Reserva previa de entradas

culturaentradas@carballo.gal

(indicando nome e apelidos, número de teléfono). Aforo limitado.

CONFERENCIA DE ROSARIO

SARMIENTO:

Martes 16 de marzo: *Arte da guerra, A guerra na arte.*

Reserva previa de entradas en:

culturaentradas@carballo.gal

(indicando nome e apelidos, número de teléfono). Aforo limitado.

> LEMBRA

> Aforo: o número de entradas dispoñibles estará suxeito ás medidas de restricións sanitarias de cada momento, polo que se publicitarán a medida que nolo indiquen. En todo caso, poñeránse á venda entradas dobres destinadas a persoas convivintes e algunhas entradas individuais.

> É obrigatorio o uso de máscara e a desinfección de mans.

> Prégase puntualidade. A partir do inicio da función, a entrada non garantirá o acceso á sala e a organización poderá facer uso da localidade.

> A apertura de portas será 30 minutos antes do inicio da función e o acceso e a saída realizarase de xeito escalonado mantendo a distancia de seguridade. Debe seguir as indicacións do persoal de sala.

> Se por razóns de produción, tiveran que ser ocupadas algunhas localidades, a organización proporcionará a solución oportuna ao espectador afectado.

> As entradas non poderán ser cambiadas nin reembolsados, a excepción de adiamento e cancelación do espectáculo.

> Co ánimo de preservar os dereitos dos artistas e de non perturbar o bo desenvolvemento da función, non se permite fotografar, filmar ou gravar no interior da sala, sen a autorización expresa da organización e do artista.

> Antes de entrar na sala, deben desconectar os seus dispositivos móbiles.

> CULTURA CARBALLO

Pazo da Cultura.
Rúa do Pan s/n.
15100 Carballo.
T 981 704 300

Coordenadas GPS:

Pazo da Cultura
Latitude 43.211702
Lonxitude -8.695394



culturacarballo@carballo.gal
www.carballo.gal

#CULTURA CON FORZA

